



# PEQUENA



UN ESPECTÁCULO ESCRITO  
E DIRIXIDO POR  
PAULA CARBALLEIRA

E INTERPRETADO POR  
MARTA RÍOS



# talía teatro

Talía Teatro é unha compañía teatral creada en 1988, con un selo propio e orixinal. Os seus espectáculos son unha marca con denominación de orixe que definen un estilo e unha forma de facer teatro.

Hoxe, 24 anos despois do seu inicio, tense consolidado como unha das compañías galegas de maior prestixio e repercusión e ten afianzado un proxecto empresarial que xenera cultura e ilusión, ao mesmo tempo que consolida un equipo de traballo estable.

Desde os seus inicios, a compañía perseguiu a dignificación do teatro. Aínda que se dirixe a un amplo abano de espectadores, tamén presta unha especial atención teatro infantil e xuvenil por que considera que a creación de novos públicos é unha das asignaturas pendentes do teatro feito en Galicia.

O traballo da compañía ten sido merecedor de numerosos premios polas súas montaxes:

- Mellor actriz secundaria. María Casares 2011: Marta Ríos por Volpone
- Premio Nordés das Artes
- Premio FETEGA 2011 á mellor actriz a María Ordóñez, por Pelos na lingua
- Mellor actor protagonista. María Casares 2010: Toño Casais por Palabras encadeadas
- Mellor dirección. María Casares 2010: Artur Trillo por Palabras encadeadas
- Mellor actor secundario. María Casares 2008: Artur Trillo por E ti, quen ves sendo?
- Premio FETEGA 2007 ao Mellor actor a Toño Casais por Esperando a Godot
- Mellor actor protagonista. María Casares 2004: Artur Trillo por Bicos con lingua
- Mellor Texto orixinal. María Casares 2004: Bicos con lingua

Actualmente ten en cartel os seguintes espectáculos:

Dirixidos a público infantil:

- Pequena
- Carta urxente para Máximo Toxo

Dirixidos a público xuvenil e adulto:

- Bicos con lingua
- Pelos na lingua
- Volpone

**texto e dirección:**

**paula carballeira**

Adícase á narración oral e a escribir libros para nenos e nenas. Na actualidade, é unha das contacontos máis coñecida en Galicia.



**interpreta:**

**marta ríos**

Marta Ríos deu o salto ao teatro profesional con Talía Teatro e desde entón forma parte do seu elenco estable.

No ano 2011 recibe o premio María Casares á Mellor actriz pola súa interpretación na comedia Volpone, de Talía Teatro.



# pequena

María Catalina Rosario Nadiña Pequena, Macarrona para os seus irmáns, Nadina Pequena para a maior parte da xente, é, coma o seu nome indica, pequena.

Hai pequenas que son xigantes, como Barbadac, a ogresa, filla do ogro que gardaba o tesouro das botas de sete leguas ata a chegada de Polegariño. Barbadac escolleu non gardar tesouros, senón compartilos, como Petipué, a pulga artista, que quixo levar o seu espectáculo a todas as partes do mundo, incluída a Illa dos Salvaxes, e demostrou que non hai límites nin fronteiras para conseguir o que desexas, nin aínda sendo pequena coma unha pulga. E hai pequenas cunha imaxinación grande, como Nadiña, que é quen nos conta as historias de Barbadac e de Petipué, quen nolas representa con bailes, con cancións, con alegría e cunha forza enorme. Hai grandes pequenas e grandes pequenos, tan grandes que poden cambiar o mundo ao seu xeito.

Un espectáculo para descubrir o grande que pode ser alguén pequeno e o pequenas que poden chegar a ser as grandes cousas, que case non ocupan espazo.

## **un espectáculo para "pequenos" e "pequenas"** (edades recomendadas: de 4 a 10 anos)

Ao mundo infantil atráelle especialmente o teatro xa que nel pode dar renda solta á súa imaxinación.

A través do teatro os nenos e nenas entran en contacto con diferentes artes: literatura, música, danza, interpretación, pintura... polo tanto é unha excelente alternativa de ocio que os axudará a ser máis críticos co mundo que os rodea, ademáis de ser unha ferramenta didáctica que axuda a incrementar a concentración e a creatividade.

Con este espectáculo podemos traballar ademáis os seguintes contidos de xeito transversal:

- A ruptura de prexuízos en relación co tamaño ou coas cualidades físicas das persoas.
- A tolerancia e a comprensión de hábitos e costumes diferentes, directamente relacionados coa variedade e diversidade cultural.
- A escoita, relacionada coa narración oral e coa música
- A atención, relacionada coas escenas de manipulación de obxectos.
- O xénero. Case todas as personaxes que aparecen na obra son femininas e teñen papeis protagonistas.